

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR, O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR) E A FEDERACIÓN GALEGA DE CONFRARÍAS DE PESCADORES PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "MODERNIZACIÓN DA REDE DE MONITORIZACIÓN COSTEIRA DE PARÁMETROS AMBIENTAIS. REDECOS – FASE 2".

En Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2024

Dunha parte, Dona Marta Villaverde Acuña, en nome e representación da Consellería do Mar, actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 21 de febreiro de 2022 sobre delegación de competencias en diversos órganos de dirección da Consellería do Mar e na Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia (DOG. núm. 41 do 1 de marzo de 2022).

Doutra parte, Dona María Covadonga Salgado Blanco, actuando no nome e representación do ente público, Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (en adiante INTECMAR), en calidade de directora.

Doutra parte, Don José Antonio Pérez Sieira, actuando no nome e representación da Federación Galega de Confrarías de Pescadores, en calidade de presidente.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Que a Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao cal lle corresponden as competencias en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores/as e demais organizacións e asociacións dos/as profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe e ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

Que segundo o disposto no Decreto 149/2024, de 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 50/2021, de 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar,

corresponde a esta Consellería a investigación mariña e a coordinación, programación e execución de actividades de divulgación e transferencia tecnolóxica nas comunidades pesqueiras e litorais, así como a programación, supervisión, realización e difusión de publicacións e outro material científico e didáctico.

Que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro forma parte da Consellería do Mar, de acordo ao Decreto 50/2021, de 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (modificado polo Decreto 149/2024, de 20 de maio). Segundo o disposto neste decreto a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro exerce as funcións de ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sostible dos recursos marisqueiros, así como investigación mariña, que se desenvolve en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

Que o Servizo de Planificación, como órgano de apoio da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten atribuídas as competencias específicas indicadas no artigo 12.2.4.2 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (CM), entre as que se atopa a xestión de actuacións en materia de estudo, avaliación ou seguimento dos recursos mariños naturais e da actividade pesqueira, marisqueira e da acuicultura.

Que o Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 as prioridades da Unión Europea para contribuír á aplicación da política pesqueira común e da política marítima da Unión. Por outra banda, tamén sinala que o FEMPA contribuirá á consecución dos obxectivos medioambientais e de mitigación do cambio climático e de adaptación a este da Unión. Neste sentido, no ámbito da pesca e do medio mariño, o FEMPA establece o seguinte obxectivo para o período 21-27: "Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños".

Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos", desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

Que por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, en diante a Rede, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.

Que de acordo ao establecido no Decreto 50/2021, do 11 de marzo (modificado polo Decreto 149/2024, de 20 de maio) polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG núm. 58, do 26 de marzo), o INTECMAR é un ente público adscrito á Consellería do Mar.

Na súa lei de creación (Lei 3/2004, de 7 xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, e máis no Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, de regulamento do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia) establécense os seus obxectivos e funcións entre as que se atopa, en concreto, o control das condicións oceanográficas das zonas de produción.

Que a Federación Galega de Confrarías de Pescadores xurde dende as 3 federacións provinciais como unha necesidade de representación única e de coordinación do sector englobado nas confrarías de pescadores. As confrarías de pescadores son corporacións de dereito público cuxa principal función é a de actuar como órgano de consulta e colaboración coa Administración nos temas relacionados coa actividade extractiva pesqueira e a súa comercialización, e poden estruturarse en dúas seccións: a de orientación e a de organización da produción. A federación está baseada nos principios de independencia e autogoberno, sempre coa obriga da representación paritaria entre a parte económica (empresarios) e social (traballadores) e suxeitas á tutela da Administración Pública Galega.

O artigo 8 do Regulamento Interno de Funcionamento da Rede establece o procedemento para presentar propostas á Rede. De acordo o mesmo, o INTECMAR, en colaboración coa Federación Galega de Confrarías de Pescadores, presenta a proposta "modernización da rede de monitorización costeira de parámetros ambientais. REDECOS-FASE 2". Unha vez informada favorablemente pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e comprobada a integridade da documentación presentada e a adecuación á medida do FEMPA, dita proposta foi presentada á Rede na xuntanza ordinaria celebrada o día 30 de xullo de 2024, na que todos os asistentes manifestaron o seu parecer favorable.

O proxecto foi aprobado por Resolución da directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro o día 5 de agosto de 2024.

Que segundo o artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo dos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Que a colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta ou efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Que o presente acordo de colaboración regula os compromiso das partes para a execución conxunta do proxecto denominado "modernización da rede de monitorización costeira de

parámetros ambientais. REDECOS-FASE 2", incluído a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

A Consellería do Mar, INTECMAR e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores manifestan a súa vontade de colaboración para a modernización do sistema de recollida de datos de salinidade e temperatura en continuo nas augas pouco profundas dos bancos marisqueiros do litoral galego, para mellorar o coñecemento e a xestión das zonas dedicadas ao cultivo de especies marisqueiras e dos riscos aos que se enfronta.

Que para o desenvolvemento das actividades recollidas na proposta presentada e aprobada "modernización da rede de monitorización costeira de parámetros ambientais. REDECOS-FASE 2" e para acadar a finalidade do proxecto, as entidades participantes manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería do Mar, INTECMAR e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, para a participación conxunta na modernización do sistema de recollida de datos de salinidade e temperatura en continuo nas augas pouco profundas dos bancos marisqueiros do litoral galego, mellorando o coñecemento e xestión das zonas dedicadas ao cultivo de especies marisqueiras e dos riscos aos que se enfronta.

O proxecto "modernización da rede de monitorización costeira de parámetros ambientais. REDECOS-FASE2" pretende a recollida e xestión de datos das zonas piloto, a elaboración e seguimento dunha plataforma de datos e o estudo, programación e ampliación da Rede mediante a adquisición e fondeo de novas sondas.

SEGUNDA.- Tarefas a realizar

1. Recollida e xestión dos datos nas zonas piloto. Unha vez obtidos os permisos necesarios, as sondas serán instaladas nos puntos de interese. Mentres a plataforma de datos non estea operativa, todos os datos xerados por estas sondas serán recibidos e xestionados polo INTECMAR que se encargará da súa importación posterior na base de datos da plataforma.

2. Elaboración da plataforma de xestión, visualización e difusión de datos. A aplicación será multilingüe (galego/castelán/inglés) e contemplará os elementos recollidos nas prescricións técnicas elaboradas durante a fase 1 e que conteñen:

a. Base de datos onde se almacenen os datos obtidos, os seus metadatos e as tarefas administrativas da aplicación: usuarios, estacións, mostras, etc. A base de datos usará PostgreSQL 14.5 e virá acompañada de documentación explicativa.

b. Aplicación web de xestión de usuarios, estacións de medidas e mostras, así como dos metadatos necesarios para a descrición da rede. Tamén deberá permitir a importación de datos a partir de ficheiros CSV por parte de usuarios validados.

c. Sistema de control automático e manual da calidade dos datos. Valorarase ao longo de todo o proxecto incluír o control de calidade dos datos nesta aplicación ou desenvolvelo como unha aplicación independente.

d. A tecnoloxía usada será consensuada co INTECMAR. Valorarase o uso de APIs para estas tarefas.

e. A plataforma de datos desenvolverase tendo en conta a posible integración co resto de desenvolvementos e plataformas do INTECMAR, o observatorio costeiro da Xunta de Galicia e o observatorio RAIA (Observatorio Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal). Deberá usar a imaxe corporativa do INTECMAR.

3. Estudo e programación da ampliación da rede costeira. Co obxectivo de garantir un crecemento intelixente e sostible da rede de observación ampliándose aos puntos de alto interese pola súas poboacións de moluscos infaunais e tendo en conta a ausencia doutras medicións de parámetros físico-químicos na zona que permitan coñecer os cambios bruscos na salinidade e temperatura.

4. Adquisición de 12 sondas para estender a rede costeira nos sitios derivados do punto anterior.

5. Inicio do fondeo progresivo das sondas adquiridas.

Os resultados que se agardan da rede costeira é unha monitorización en continuo da salinidade e temperatura ao longo da franxa costeira de Galicia nas zonas de produción e cultivo de bivalvos que permita un mellor coñecemento e xestión das mesmas.

Así mesmo, a integración da rede costeira no observatorio costeiro permitirá unha xestión integrada das medidas co resto da información xestionada polo observatorio que contribúa a fortalecer os servizos que este presta aos usuarios finais.

En concreto, nesta segunda fase, a rede costeira debe acadar:

1. O inicio do fondeo de doce sondas ao longo da franxa costeira.

2. A existencia dunha plataforma de xestión de datos da rede.
3. A integración da rede costeira no observatorio costeiro da Xunta de Galicia.
4. O plan de extensión da rede á totalidade da costa de Galicia.

O plan de difusión de resultados da rede costeira contempla:

1. Reunións periódicas coas confrarías participantes na rede costeira.
2. Integración na web do observatorio costeiro da Xunta de Galicia.
3. Difusión da súa utilidade entre os potenciais usuarios finais da mesma a través tanto das canles habituais como de actuacións que podan impulsar a súa difusión (pT-protecma, Observatorio RAI, accións dos proxectos europeos afíns e outros).

Actividades a realizar:

Actividade 1. Recollida e xestión dos datos nas zonas piloto.	Nº participantes: 4 INTECMAR	Resultados: Informe e base de datos
Actividade 2. Contratación da elaboración da plataforma.	Nº participantes: 4 INTECMAR	Resultados: Informe e prego de contratación
Actividade 3. Estudo e programación da ampliación da REDE.	Nº participantes: 4 INTECMAR	Resultados: Informe
Actividade 4. Adquisición de 12 sondas para estender a REDE.	Nº participantes: 4 INTECMAR	Resultados: Informe e prego de contratación
Actividade 5. Fondeo progresivo das sondas adquiridas.	Nº participantes: 4 INTECMAR	Resultados: Informe

Cronograma de execución das actividades

ANUALIDADE	2024			2025									
Actividade	M10	M11	M12	M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10
1													
2													
3													
4													
5													

TERCEIRA. - Entregables indispensables para entender cumpridos os obxectivos

1. Series de datos en continuo das sondas fondeadas
2. Plataforma de datos
3. Programación da ampliación da rede de estacións costeiras

4. Adquisición das sondas

5. Fondeo das sondas

CUARTA.- Compromisos das partes

Ao abeiro deste acordo, as partes comprométense a realizar as actividades necesarias para o cumprimento do obxecto do acordo de colaboración.

Polo INTECMAR, desenvolveranse os seguintes compromisos:

- O seguimento e a dirección das actuacións obxecto do acordo e contratos derivados do mesmo, entre as que se atoparán a verificación da correcta subministración e funcionamento dos equipos.
- O cumprimento das medidas de información e publicidade.
- A emisión dunha memoria vinculante sobre a correcta realización dos traballos.

Pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, desenvolveranse os seguintes compromisos:

- A tramitación económica e o financiamento das actuacións para a realización do obxecto anteriormente definido.
- O abono ao contratista ou contratistas dos servizos prestados e segundo o prezo de adxudicación, unha vez recibidos e de conformidade cos certificados do INTECMAR.

Pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores, desenvolveranse os seguintes compromisos:

- Colaborará co ente público INTECMAR nas labores de determinación dos puntos de fondeo e colocación das sondas.

QUINTA.- Réxime económico

O custo total do proxecto ascende a 95.600,00 € (noventa e cinco mil seiscientos euros) e financiarase con cargo á partida orzamentaria 46.03.723A.640.1 (código de proxecto 2024 00141) dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONCEPTO	2024	2025	TOTAL
PERSOAL	0,00 €	0,00 €	0,00 €
AXUDAS DE CUSTO DO PERSOAL	100,00 €	500,00 €	600,00 €
MATERIAL INVENTARIABLE	30.000,00 €	30.000,00 €	60.000,00 €

MATERIAL FUNXIBLE	2.000,00 €	2.000,00 €	4.000,00 €
SERVIZOS EXTERNOS	6.000,00 €	21.000,00 €	27.000,00 €
INSCRICIÓNS EN EVENTOS	0,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
ORGANIZACIÓN DE EVENTOS	0,00 €	0,00 €	0,00 €
ELABORACIÓN DE MATERIAL DE DIVULGACIÓN	0,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €
CUSTOS INDIRECTOS (15% gastos persoal)	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	38.100,00 €	57.500,00 €	95.600,00 €

O citado importe cofinanciarase polo FEMPA nun 70%, no marco do Programa Operativo Español do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6 – T.A. 1.6.3] sendo o OIX e beneficiario a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN

A xustificación ante á Consellería do Mar dos gastos executados con cargo a este acordo, realizarase antes do 2 decembro de 2024 para a anualidade de 2024 e antes do 31 de outubro de 2025 para a anualidade de 2025, presentando a seguinte documentación xustificativa, previa certificación do INTECMAR, acreditativa da correcta realización das actividades obxecto do acordo ou contratos derivados do mesmo:

1. Memoria de execución das actividades recollidas na cláusula segunda, con indicación detallada das actuacións realizadas, dos resultados obtidos e da porcentaxe de cumprimento de cada actividade.

Deberá incluír unha relación das persoas/entidades que participaron nas mesmas e unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas.

A memoria incluírá a acreditación da publicidade realizada.

2. Memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos. A memoria incluírá:

- Unha relación detallada de gastos realizados.
- Documentación acreditativa dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato PDF dos documentos orixinais.

En dita xustificación permitirase un transvase de fondos entre conceptos de ata un 20%.

3. Relación detallada doutros ingresos ou axudas que financiasen a actividade obxecto da transferencia, con indicación da súa contía e procedencia (declaración de axudas solicitadas

ou outorgadas para o mesmo proxecto ou para as mesmas partidas de gastos, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional).

4. Indicación do lugar e do órgano de custodia da documentación acreditativa orixinal. Sen prexuízo da documentación sinalada nos puntos anteriores, poderá ser requirida a achega dos datos, documentos complementarios e aclaracións que sexan necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

En todo caso, a xustificación axustarase ás esixencias da normativa da Unión Europea e nacional relativa ao FEMPA.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, dos fondos recibidos e os intereses de demora devengados dende o momento do pago ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, en caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa obtención neste acordo.

SÉTIMA.- Medidas de publicidade

As partes comprométense a adoptar as medidas en materia de información indicadas no artigo 60 do Regulamento (EU) nº 2021/1139. En todos os documentos e medidas de información e comunicación recoñecerase o apoio dos fondos FEMPA mediante a inclusión do emblema da Unión, unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) que financia a actuación incluíndo a porcentaxe (70%) e o logotipo da Xunta de Galicia.

OITAVA.- Modificación

As partes poderán modificar por acordo mutuo os termos do presente acordo, debendo quedar reflectido por escrito a través da subscrición dunha addenda dentro do período de vixencia do mesmo.

NOVENA .- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e demais normas de aplicación.

As discrepancias que se poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

DÉCIMA .- Propiedade dos datos e difusión dos resultados. Uso de signos distintivos

A CM e o INTECMAR manterán confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados das actuacións realizadas ao amparo deste acordo, sempre que non sexan de dominio público, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente acordo.

A propiedade e utilización científica dos datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas no proxecto e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola CM e o INTECMAR. Unha vez executadas as investigacións descritas no acordo, comprométese a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos, así como a publicar conxuntamente os resultados da investigación obxecto do acordo.

Neste sentido, cando se realice calquera tipo de comunicación ou divulgación dos resultados, xa sexa parcial ou total, farase mención explícita ao feito de que os datos obtidos a partir das experiencias desenvoltas e os resultados das análises son froito do presente acordo. Ademais, deberán aparecer os signos distintivos das partes nos soportes utilizados para a divulgación dos resultados, tendo en conta que a denominación legal e social das partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Por iso, o INTECMAR autoriza á CM para que use o seu nome e/ou logotipo conforme á normativa de imaxe institucional aplicable, sempre que o uso que vaian realizar do mesmo se limite exclusivamente a indicar a relación establecida entre as institucións no presente acordo, polo tempo que esta dure, e non induza a confusión organizativa, comercial ou de aval científico entre aquela parte e o INTECMAR nin o asocie a obxectivos ou actividades incompatibles cos principios e obxectivos da administración, e sen que en ningún caso se lles confira dereito algún de exclusividade, nin permita a súa apropiación, mediante rexistro ou calquera outro procedemento. Calquera outro tipo de uso ou dúbida razoable sobre a adecuación de uso ao expresado anteriormente requirirá a autorización previa e expresa por escrito do INTECMAR.

Igualmente, a CM autoriza ao INTECMAR para o uso do seu nome e/ou logotipo en termos equivalentes aos descritos no parágrafo anterior.

En todos os documentos e medidas de información e comunicación recoñecerase o apoio dos fondos FEMPA mediante a inclusión do emblema da Unión, unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) que financia a actuación incluíndo a porcentaxe (70%) e o logotipo da Xunta de Galicia.

Durante a duración do acordo informarase do apoio dos fondos FEMPA mediante unha breve descrición da operación no sitio web e colocando un cartel con información sobre as actuacións realizadas (tamaño mínimo A3).

UNDÉCIMA.- Comisión mixta de seguimento

Constituirase unha comisión mixta para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente acordo que asegure o bo fin e cumprimento do mesmo.

Por parte da CM, serán membros: a Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e a persoa titular da xefatura do Servizo de Planificación.

Por parte do INTECMAR, serán membros: a persoa titular da Dirección do INTECMAR, María Covadonga Salgado Blanco, e o responsable do proxecto, Garbiñe Ayensa Aguirre.

Por parte da FGCP, será membro: a persoa titular da Presidencia, José Antonio Pérez Sieira.

A asistencia ás reunións que celebre a comisión terán carácter delegable en persoas pertencentes á mesma entidade da que delegue. Así mesmo, poderán asistir ás mesmas, con voz e sen voto, aquelas persoas que sexan requiridas en función da súa experiencia ou profesionalidade e por razón da materia concreta da que se vaia a tratar.

A comisión mixta de seguimento rexerase polo establecido para os órganos colexiados na Sección III, Capítulo I do Título Primeiro da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).

DUODÉCIMA.- Vixencia

A vixencia do acordo comezará a contarse dende a data da súa sinatura e finalizará o 30 de novembro de 2025.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Pola Consellería do Mar

Polo INTECMAR

Pola Federación Galega de
Confrarías de Pescadores

P.D. Orde de 21 de febreiro de 2022

A Directora

O Presidente

A Directora Xeral de
Desenvolvemento Pesqueiro
Marta Villaverde Acuña

M.^a Covadonga Salgado Blanco

José Antonio Pérez Sieira

